



Relacións institucionais

| | |
|--|--|
| <p>AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL</p> | <p>REUNIÓN CO DIRECTOR DA AXENCIA: o Comité Executivo e a Secretaria xeral de FEARMAGA mantiveron un encontro con D. J. Ignacio Lema, recentemente nomeado director da Axencia, para trasladarlle de primeira man as necesidades, a corto e medio prazo, dos serradoiros e empresas de aproveitamentos forestais.</p> |
|  <p>XUNTA DE GALICIA</p> | <p>Trala publicación da Orde de axudas para a reparación de danos causados polos incendios forestais trasladouse, ós diferentes departamentos da Xunta de Galicia (CEI, CMR, IGAPE), unha serie de cuestións para tratar de clarificar diversos aspectos da convocatoria e analizar cómo podían acceder os rematantes e serradoiros ás axudas. Así mesmo, asistíuse a diferentes empresas ao respecto de dúbidas relacionadas con ditas tramitacións.</p> |
| <p>Ordenanzas municipais</p> | <p>CONCELLO DE BOBORÁS: en defensa dos intereses dos seus asociados, FEARMAGA presentou alegacións á aprobación inicial da ordenanza reguladora da saca e transporte de madeira.</p> |

Servizos prestados a socios

| | |
|--|--|
|  <p>CFCCGA Grupo Galego de Certificación Forestal e Cadea de Custodia</p> | <p>SUPERADAS AS AUDITORÍAS ANUAIS DE CDC PEFC E FSC: Os grupos de Cadea de Custodia PEFC e FSC do CFCCGA veñen de superar con éxito as súas auditorías de seguimento. Actualmente, o grupo PEFC está integrado por un total de 49 empresas e o grupo FSC por 11 empresas.</p> |
| <p>CONSULTAS DOS SOCIOS</p>  | <p>Continuamos atendendo as consultas dos asociados sobre temáticas diversas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lei do solo de Galicia: usos forestais do solo rústico e réxime especial que facilita a ampliación de serradoiros existentes en solo rústico no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002 (01/01/2003). • Marcado CE: requisitos do mercado CE de madeira estrutural • Permisos de corta: <ul style="list-style-type: none"> ▫ solicitude telemática de permisos de corta e configuración previa dos equipos ▫ parcelas afectadas por bens arqueolóxicos, zona de protección de estradas e en servidume de DPH ▫ aproveitamentos individuais en MVMC ▫ pago de taxas e funcionamento da nova versión da oficina virtual tributaria ▫ comunicación de cortas de obrigada execución ▫ comunicación final de corta • RESFOR e EUTR: inscrición, comunicación anual, modificación de datos e corrección de declaración responsable dos axentes (EUTR), obrigas de axentes e comerciantes e SDD. • Nematodo do piñeiro: requisitos para a realización de aproveitamentos • PRL e Seguridade no Monte • Contratos de compra-venda de madeira en monte • Novos produtos transformados baixo selos FSC/PEFC • Biocidas: consulta de datos no ROESB, EPIs necesarios e produtos autorizados |
|  | <p>XORNADA PRL- CAE NO SECTOR FORESTAL: FEARMAGA e a CEC organizaron esta xornada para a posta en común, análise e debate de diferentes casuísticas na coordinación de actividades empresarias (CAE) no ámbito forestal e valorar qué accións se poden levar a cabo para contribuír a unha maior concienciación e implicación nesta materia. Contouse coa presenza de D. Luis Anguita (Fiscal Delegado Siniestralidade Laboral, A Coruña), D^a Esther Lozano (Inspectora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, A Coruña) e D^a Esther Varela (Técnica do ISSGA, A Coruña).</p> |
|  | <p>CURSOS HOMOLOGADOS DO SECTOR: Celebrouse o curso de "Manexo de Tractores Forestais" válido para as "axudas FEADER". Así, finaliza con éxito de alumnos a programación de actividades formativas 2017 impartidas a través de FEARMAGA, como entidade colaboradora da Consellería de Medio Rural e comezamos a traballar na programación do 2018.</p> |